



Confidenciais

Buenos Dias 10 de Maio de 1958  
Sr. X.

Berard Alrajau

Paris

Consello de Galiza Querido Alrajau:

Secretaría

Dentro d-unhos dias - quizais antes de que chegue don Jesús Canas - vai chegar a Paris Perfecto Lopez, de Corcubión, moi vinculado aquí "as" nosas cousas? E, desde sempre, moi bon republicano e moi bon galego. Poseedor de gran fortuna na industria automobilística, forma parte do grupo de "los xenerosos" con frecuentes apoios. Trate a visitar, portada d-unha carta de Antón Alonso Ríos, secretario do Consello de Galicia e pediume a min que, á miña vez, che escriba a ti, sea que a demais da comunidade de ideas eu son moi amigo de Perfecto.

Fago con moito gusto e pidoche, naturalmente, que o trates como el se merece. Agora ben; Perfecto é un pouco "esceptico" no referente ó éxito do noso traballo, incluso con referencia á delegación en Paris. Adoita acuntarse con núcleos, mais ou menos afixos a nós, pero que non están de todo con nós. É baten des. S. I - as veces non é de todo discreto. El ten moito interés nos traballos que eu inicié co teu fillo Xarier, sobre os traballos que se levarán a cabo en Galicia, os que no seu día berán acadados por nós. El tamén axudará. Pivoso coidamos - o noso grupo - que é de moito interés

que tanto ti como o teu fido, si falásedes da cuestión "enlaces" con Galicia, "clandestini-  
dades" e outras cousas máis ou menos "misteriosas," lle digades, tamén "misteriosa-  
mente," que si; que hay cousas en marcha, ben encamiñadas. Pero sin pronun-  
ciar un solo nome nin un solo lugar. Cando máis insinualle que a "Cousa" é polo  
lado da Coruña e da súa provincia. Temos gran interés en ter, definitiva e totalmen-  
te con nós, a perfecto hopes. Estamos seguros que ti e Xavier podedes facer moito-  
entusiasmando ahí, co prestixio que da o estar en París. En fin, con todos estes  
antecedentes, sabemos que o pandeiro nas vosas mans estará moi ben. ¿non si?

Aguardo noticias tuas sobre a cuestión credenciales, de que che falaba na miña última  
carta. Pedíache n-ela, que nos mandarás o texto d-elas ou si considerabas suficien-  
te un comunicado oficial do Consello de Galicia ós gobernos republicano, vasco e catalán  
dandolles conta da tuas derivación, pra que ti estas debidamente documentado  
para actuar.

Si siguen as "dificultades políticas" ou das outras, dívol-os pra nos actuar aquí.  
E nada máis. Saudos fraternos d-estes teus irmáns e amigos e da miña par-  
te unha forte aperta

Ramón Suárez Vicallo

Federico Larrosa 4086 - BAUS